



RIBEIRAS DO MIÑO

Club de Montaña O Carroucho

30 de Setembro de 2017

Esta ruta transcorre pola beira esquerda do río Miño e mostra algunhas das marabillas presentes nos concellos lucenses de Pantón e O Saviñao. Son terras escarpadas, traballadas con viticultura heroica, percorridas por camiños e sendas en difícil equilibrio. Máis tamén son terras de crentes e peregrinos, cheas de ermidas e igrexas coma as románicas de San Martiño da Cova e Santo Estevo de Atán, que se asentan entre fermosas fragas, soutos e viñedos, gozando de impresionantes panorámicas do pai dos ríos galegos.

Saindo dun camiño da estrada que vai a Marce, comeza un percorrido por unha zona de grande beleza. Baixa polos restos dunha antiga calzada romana cara Cima de Atán. Chegamos á igrexa románica de Santo Estevo de Atán, que pertenceu orixinariamente a un mosteiro, aínda que non sería ata os séculos XII-XIII cando se construíu esta igrexa románica. Tras do cemiterio seguimos por un camiño que pasando por Reiriz nos leva á aldea de Seoane, onde aínda se conservan eiras nas que se mallaba o cereal.

Pasado Seoane o carreiro atravesa o regato da Aguianza para, máis adiante, coller o desvío que, por unha pasarela de madeira, nos leva ao fondo da Fervenza de Augacaída. Oculta na espesura dun fantástico bosque formado por castiñeiros, carballos e outras especies autóctonas, cos seus corenta metros de caída compite en grandeza e espectacularidade coas máis grandes da comunidade, como a Fervenza do Toxa ou a Seimeira de Vilagocende.

Datos Básicos


Comezo: Segade
Remate: A Cova
Distancia lineal: 18 km.
Duración aprox.: 6 horas
Dificultade: Media
Altura máxima: 586 m
Altura mínima: 217 m
Acumul.: ↗995 m / ↘1185 m

Retomamos o camiño para ir a aldea de Marce na que destaca a torre do reloxo, construción de planta cadrada feita a base de cadeirado granítico irregular, e rematada en ameas nos seus catro lados. O carreiro continúa por un tramo de frondoso bosque mediterráneo ata o desvío que nos conduce ao miradoiro do Castelo ou das Marabillas, unha chaira natural que ofrece unha ampla vista do río Miño coa igrexa románica de Chouzán na outra ribeira.

Voltamos á senda que pasa xunto á aldea de A Millara, exemplo de rehabilitación e recuperación, continúa cara a Balboa, e, entre viñedos, baixa á área recreativa da Maiorga que dispón dunha ampla zona de baño, bar (aínda que non sempre aberto) e un embarcadiro que é parada obrigada para o catamarán que fai o percorrido entre Belesar e Os Peares. Neste plácido lugar faremos parada para xantar, e se se presta, un baño.



Despois deste descanso ascendemos entre viñedos e cruzando algún que outro regatiño, ata a aldea de O Carballo pasando a carón da igrexa de Santo André de Ribeiras de Miño, derradeira aldea do concello de Pantón antes de entrar no Saviñao. Pouco despois adentrámonos nun fermoso bosque que nos levará ao pobo de Arxuá para continuar camiño ata o Priorato de San Martiño da Cova, final do noso percorrido.



Próxima cita:
12 a 15 Outubro
Serra da Estrela (Port.)



www.carroucho.org